

Plan de acollida curso 2021-2022

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA
(BANDEIRA)

INDICE:

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

CONTEXTUALIZACIÓN.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas o Programa de Acollida Covid 19 do Ceip Ramón de Valenzuela para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Seguindo o Plan de Adpatación do Ceip Ramón de Valenzuela achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado do centro, tanto dentro como fóra da aula. (Agás El que non a terá que usar dentro da aula.)

ENTRADAS, SAIDAS E FLUXOS DE MOVEMENTO

ENTRADAS: Todo o alumnado do centro é transportado, polo que a chegada se produce de forma simultánea para todos os niveles. Para unha maior seguridade nos desprazamentos de entrada cara as aulas seguirase a seguinte organización:

Entre: 9:30h e 9:40h (setembro e xuño)

9:10h e 9:20h (resto do curso)

Organización das entradas:

O **alumnado do centro**, pola mañá entraran para o pavillón onde haberá zonas diferenciadas para cada unha das aulas respetando as distancias e cunha marca no chan donde debe poñerse cada alumno-a. As portas do pavillón abriranse 10 minutos antes da hora da entrada para que o alumnado se vaia incorporando de xeito progresivo e no exterior as familias deberán permanecer o menor tempo posible para evitar aglomeracións. Os alumnos-as que solicitaron uso de transporte deben facer uso do mesmo para evitar xente nas entradas e saídas. Ás 10:40 en setembro e en xuño, e ás 9:20 durante o resto do curso, os alumnos irán ás aulas en orde e mantendo as distancias de seguridade, comenzando por sexto e rematando por EI.

SAIDAS:

Entre: 15:30h e 15:40h (setembro e xuño). Usuarios do comedor.

14:30h (setembro e xuño). Non fagan uso do comedor.

15:50h e 16:10h (Todo o curso de luns a xoves).

13:55h a 14:10h (Todo o curso, os venres). Usuarios de comedor .

13:00h (Todo o curso, os venres). Non usuarios de comedor.

En todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores e escaleiras, que estarán sinalados para establecer un sentido de circulación.

Organización das saídas:

SAIDAS TODO O CURSO DE LUNS A XOVES:

Educación infantil:

Ás **15:50h** irán ao hall principal e colocaránse na zona habilitada para cada liña de autobús. Sairán na orde do listado de autobuses, salindo de primeiros os que veñen a recoller as súas familias.

Educación primaria:

Ás **16:00h** , o alumnado de **1º e 2º de EP** sairán polo corredor ata o hall(xa baleiro polos de infantil) para facer a saída en orde pola porta principal.

Ás **16:05h**, o alumnado de **3º e 4º de EP** baixará polas escaleiras da súa zona de aulas e continuará para facer a saída en orde pola porta principal.

Ás **16:10h**, o alumnado de **5º e 6º** baixará polas escaleiras da súa zona de aulas e continuará para facer a saída pola porta principal.

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

SAIDAS TODO O CURSO OS VENRES:

Como o noso alumnado a maioría é transportado, e os venres saímos do comedor para o autobús realízase do seguinte xeito:

Ás 13:55h sae o autobús azul , seguido do vermello e do laranxa. (Todos en orde, con máscara e distancia).

Ás 14:00h, sae o alumnado **non** transportado.

Ás 14:05h, sae o autobús verde.

Ás 14:10h, sae o autobús vermello.

SAIDAS DE SETEMBRO E XUÑO DE USUARIOS DE COMEDOR:

Ás 15:30h, sae o autobús vermello, seguido do autobús azul.

Ás 15:35h, sae o autobús amarelo, seguido do laranxa.

Ás 15:40h, sae o autobús verde, seguido do alumnado non transportado.

O profesorado que teña a última sesión con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido e desinfectado e recordará o lugar no que deben facer a espera antes de subir ao transporte, así como a colocación da máscara e o mantemento da distancia de seguridade.

Todo o profesorado do centro deberá chegar 10 minutos antes da hora da entrada para ventilar a súa aula antes da chegada do alumnado, agás os mestres que teñan garda que chegarán 20 minutos antes, para poder organizar o fluxo de alumnado durante as entradas.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Os grupos cos que contaremos este ano son:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º (3 ANOS)	9
	5º (4 ANOS)	11
	6º (5 ANOS)	8
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	14
	2º	16
	3º	13
	4º	12
	5º y 6º	16

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**. Agás El que será considerado un grupo estable de convivencia, xa que están no mesmo edificio e só hai uns baños para todos, pero trataráse de que non se mesturen nas aulas. Tamén será un grupo estable 5º e 6º.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

IMPORTANTE: Os acompañantes do alumnado de Educación Infantil e Primaria non poden acceder ao patio nin ao pavillón.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

Durante o mes de setembro adicarémonos a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social....

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

Este curso, o alumnado de Educación Primaria non poderá deixar os libros e o material na clase, cada día deberán traer o que precisen. Ademais, tódolos días, deberán ter unha bolsa de papel ou tela co nome, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela.

RECREOS

Recreos: manterase o mesmo o horario pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada un dos grupos. Agás en EI e 5º e 6º que serán grupo estable de convivencia. No recreo será obrigatorio o uso da máscara para todo o alumnado e profesorado.

TITORÍAS.

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Non se contemplan casos excepcionais que requiran neste momento a titoría presencial.

ORIENTACIÓN

Priorizase a comunicación por teléfono, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

REUNIÓN COAS FAMILIAS

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións coas familias.

Estas reunións terán lugar na sala de usos múltiples do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá entre 30'- 45' de separación, tempo no que se ventilará a sala e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Nivel	Data	Hora
3 anos	3-9-2021	12:00
4 anos	3-9-2021	12:00
5 anos	3-9-2021	12:00
1º de primaria	6-9-2021	10:00
2º de primaria	6-9-2021	10:00
3º de primaria	6-9-2021	12:00
4º de primaria	6-9-2021	12:00
5º y 6º de primaria	6-9-2021	12:00

PERIODO DE ADAPTACIÓN DE 4º de EI

O período de adaptación comprenderá ata o día 21 de setembro. Os alumnos-as entraran escalonadamente, según indique a súa titora. O horario e este período será de 9:40 a 12:30. Entrarán igual que os demais alumnos-as do centro pola porta do pavillón.

ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

Prevención

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). Tamen lle miraran a temperatura aos seus fillos todos os días antes de asistir o centro.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os alumnos-as. Agás EI dentro da aula.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada
- Medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada grupo, creación de normas de aula entre o alumnado.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.
- Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - Ao ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
 - Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible. Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do alumnado do profesorado e do persoal de limpeza asignado. Esta dinámica será sistematizada no desenvolvemento habitual da aula. As mestras farán o mesmo e servirán de exemplo.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre empregarán o espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- Os equipos de traballo e material manipulativo de uso común desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa, gardando corentena de 24h se é o caso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que proceda.

ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar a nosa web, como quedou amosado ao longo do curso 19/20 e agora iníciase na utilización da aula virtual.
- Neste vindeiro curso todo o claustro participará a través dunha liña de traballo do PFPP na actualización desta formación .
- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda dos coordinadores das aulas virtuais, serán os responsables do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear ao virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

Rúa Devesa, nº 6
36570 BANDEIRA - SILLEDÁ
EMAIL: ceip.ramon.valenzuela@edu.xunta.es
TF: 886.15.17.18



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

Rúa Devesa, n° 6
36570 BANDEIRA - SILLEDA
EMAIL: ceip.ramon.valenzuela@edu.xunta.es
TF: 886.15.17.18